



Exposición no  
taboleiro de Decretos  
desde o día 17.11.2022  
ata 27.11.2022.

**DECRETO**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Na Xunta de Goberno de data 28.10.2022 aprobase a convocatoria pública e as bases que rexerán o procedemento selectivo ao obxecto de seleccionar integrantes para conformar unha listaxe de Dinamizador/a Dixital para prestar servizos laborais temporais vinculados ao programa "Rede de oficinas acelera PEME para contornas rurais" da Deputación Provincial de Lugo. O dito acordo publicase no Boletín Oficial da Provincia número 254, do 7.11.2022.

A Base 6.4 establece que: "o prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP)" polo que abriuse o prazo o día 08.11.2022 rematando o 17.11.2022.

A data 17.11.2022, o número de solicitudes presentadas, non garante que se puidese contar co número de efectivos suficientes para levar a diante o programa.

Considerando o establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas sinala:

1." *A administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio (...), unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados"*

3. (...) *a decisión sobre a ampliación deberá producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos (...) non será susceptible de recurso, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento".*

A vista do anterior, propónse a Presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de réxime local e o artigo 54 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP número 202, do 3.09.2020, resolva:

Ampliar de oficio, con base no establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, 5 días naturais o prazo de presentación de solicitudes do proceso selectivo convocado no BOP número 254, do 7.11.2022 para constituír unha listaxe de emprego temporal de Dinamizador/a Dixital que prestarán servizos laborais vinculados ao Programa "Rede de oficinas acelera PEME para contornas rurais" da Deputación Provincial de Lugo, motivado na falta de presentación de solicitudes.

	IV7AEILZPM66XPRJCE54CUDEIY	Fecha y Hora	17/11/2022 15:04:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AEILZPM66XPRJCE54CUDEIY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AEILZPM66XPRJCE54CUDEIY</a>	Página	1/2



Publicar a presente resolución na web corporativa e no taboleiro de anuncios, indicando que o prazo se amplía dende o día 18.11.2022 ata o día 22.11.2022”.


Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**O PRESIDENTE,**  
P.D. Decreto de data 26-07-2019  
**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7AEILZPM66XPRJCE54CUDEIY	<b>Fecha y Hora</b>	17/11/2022 15:04:31	
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)			
<b>Firmado por</b>	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)			
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AEILZPM66XPRJCE54CUDEIY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AEILZPM66XPRJCE54CUDEIY</a>	<b>Página</b>	2/2	